

PROGRAMACIÓN DOCENTE**CULTURA GALEGA****curso 2017-18****ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descriptivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Cultura Galega
Código	IV30123
Curso	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	76,5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	Anual
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

I.1. Profesora:

Profesor/a	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Rita Paredes Cayo	21 A 8 V	Correo electrónico: ritaparedescaio@gmail.com	Correo electrónico ou en persoa na aula.	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

*Non dispoño de despacho na universidade, por iso atendo a través de e-mail, teléfono e despois das clases presenciais.

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia:

Cómpre que o alumnado teña competencia suficiente en comprensión oral e escrita de lingua galega porque é a lingua na que se imparte a materia.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO DE ESPECIALIZACIÓN

Esta materia ofértase co obxecto de que o alumnado poida acceder a un coñecemento máis profundo da cultura galega. Perséguese continuar avanzando en contidos relacionados con materias do ciclo intensivo (nomeadamente Literatura de tradición oral e Olladas á literatura galega) e suplir a carencia de oferta académica de contidos referentes á cultura propia, sobre todo nun alumnado que pola súa idade non accedeu a estudos deste tipo porque non se ofertaban nas antigas modalidades regradadas de estudos.

Para iso, abordaremos o estudo da cultura no sentido antropolóxico, é dicir, incluíndo todas as capacidades e modos de pensar, sentir e actuar adquiridos pola persoa en tanto membro dunha sociedade determinada como a galega.

Tamén nos achegaremos á historia, á xeografía, á lingua, ás crenzas, artes, mitos e ritos, aos distintos modos de manter a orde social e aos sistemas de produción, e en definitiva a todo aquilo que particulariza o grupo como posuidor dunha cultura propia, sempre cunha mirada crítica, aberta e liberadora de prexuízos seculares.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Que o alumnado do Programa de Maiores adquira coñecementos xerais de cultura galega que lle permitan analizar a historia do pobo galego e comprender os procesos históricos e de organización social.

Que se interese por descubrir aspectos da cultura que habitualmente son pouco coñecidos a causa da peculiar situación de cultura minoritaria e minorizada.

Que coñeza as expresións culturais contemporáneas e poida facer unha diagnose da situación actual.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase do alumnado que:

- Discrimine tópicos e prexuízos que afectan á cultura e ao pobo galego e que veñen propiciados pola súa posición de subalternidade ao longo dos últimos séculos.
- Relacione as formas de vida, as prácticas e as crenzas da sociedade agraria tradicional coas que aínda hoxe perviven e poida interpretalas grazas a coñecer a súa orixe.
- Redacte un traballo de investigación sobre un aspecto cultural que esperte o seu interese.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo alumno	de do	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	21	0	1,5		31,5	52,5	2,1
Viaxe de estudos	0	8	1		8	16	0,6
Traballo	1	0	7		7	8	0,3

bibliográfico						
Total	22	8		46,5	76,5	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Historia da lingua galega: desde o nacemento ata o momento actual	3
2	A sociedade castrexa: mitos e feitos probados	2
3	Características das sociedades agrarias tradicionais	2
4	As festas do ciclo anual (Nadal, Entroido, Semana Santa, os Maíos, etc.)	4
5	Relixión: a relixiosidade cotiá, o mal, a bruxería, enfermidades e medicina, a morte e a outra vida, etc.	4
6	Recursos dixitais para achegarse á cultura galega	2
7	Paseo polo cine galego: desde os comezos ata a actualidade	4

Viaxes de estudo

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Saída cultural para visitar lugares de interese para a comprensión da materia e da realidade galega na que se insire a nosa cultura. Cada curso lectivo procuro cambiar de destino para aproveitar novos museos, exposicións temporais, etc. É unha saída de día completo que organizo para as tres materias que imparto no programa de maiores.	8 h

Bibliografía básica

- BEIRAS E LÓPEZ, A. *A poboación galega no século XX*. Ed. Laivento, 1999.
- BLANCO PÉREZ, Domingo. *Historia da literatura popular galega*. Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, José Antonio. *Os saberes tradicionais dos galegos*. Vigo: Ed. Xerais, 2001.
- FREIXANES, Víctor et alii *Galicia: unha luz no Atlántico*. Vigo: Xerais, 2001
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo. *Historia de Galicia*. Vigo: Xerais, 2013.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais, 2000.
- MARIÑO PAZ, Ramón *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1998.
- MONTEAGUDO, H. *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 1999.
- MURADO, Miguel Anxo. *Outra idea de Galicia*. Debate, 2013 (*Lectura obrigatoria).
- VILAVEDRA, Dolores. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1999.
- VILLARES, Ramón. *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia, 1996.
- VILLARES, Ramón. *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia, 2004

Bibliografía complementaria

AXEITOS, Xosé Luís. *O exilio galego: un mapa de cicatrices*. Ed. Do Castro, 2003

CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel. *Galicia, as construcións da arquitectura popular*. A Coruña: Hércules edicións, 2006.

COSTAS, Xosé Henrique (coord.). *55 mentiras sobre a lingua galega*. Laivento, 2009.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Romeiros do alén*. Vigo: Xerais, 1989.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Espiritados: ensaios de etnopsiquiatría galega*. Laivento, 1992

VAQUEIRO, Vitor. *Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres*. Vigo: Galaxia, 2011.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases maxistras con apoio de diverso material audiovisual: presentacións en power-point, filmes, documentais, visitas a páxinas web relevantes para a materia e para complementar a formación persoal do alumnado. A metodoloxía é tamén participativa porque o alumnado deberá comentar e facer reflexións críticas sobre os temas que se propoñen.

Realizarase unha saída a un lugar relevante pola súa significación para a comprensión do mundo da cultura tradicional ou contemporánea galegas. Será unha visita de día completo.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 50% da nota corresponde á asistencia e participación en polo menos o 80% das horas de aula e das saídas. O 50% restante valorarase con base en dúas actividades obrigatorias:

-Un traballo relacionado con calquera aspecto da cultura galega que escollerá o alumnado

-Un comentario crítico sobre o libro de lectura obrigatoria do curso (MURADO, Miguel Anxo. *Outra idea de Galicia*. Debate, 2013).